



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

### **CIRCULAR 79-2009**

- A todas as Delegacións (\*)

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CURSO 2009/2010 Programa XOGADE**

Tras as xuntanzas mantidas por esta Federación Galega de Atletismo cá Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, COMUNICASE que:

Os Programas XOGANDO AO ATLETISMO I e II, debido ao carácter lúdico e protocolo das probas, realizaranse sen xuíces e serán desnvoltos polas Delegacións da Federación Galega de Atletismo, mediante a colaboración dos clubs interesados en intervir na organización dos XOGADE, cas seguintes condicións mínimas:

1. Os clubs teñen que estar legalmente censados na Federación Galega de Atletismo durante a tempada 2009/2010.
2. Os clubs organizadores deben responsabilizarse de realizar á secretaría da competición, tanto as inscricións previas como os resultados da xornada. A Federación Galega de Atletismo remitirá nos vindeiros días os modelos de resultados que deberán cubrir os clubs.
3. Deberán presentar un soporte gráfico, preferentemente fotos dixitais, sobre o desenvolvemento da xornada.
4. Asemade deben introducir os datos de participación no programa da páxina [www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org) nos seguintes tres días á celebración da xornada para ter actualizada a estadística de participación e frecuencia de cada escolar do programa de atletismo.
5. Teñen que acadar unha participación mínima por xornada de 50 practicantes. Enténdese por participación o número de escolares que finalicen a carreira ou o concurso e non o número previo de inscritos. En función do número de escolares por xornada que concluyan a proba, propónse as seguintes cantidades para o club ou agrupación deportiva:
  - 50 ata 75 escolares: 150 €.
  - 76 ata 100 escolares: 175 €.
  - 101 ata 125 escolares: 200 €.
  - 126 ata 150 escolares: 225 €.
  - 151 ata 175 escolares: 250 €.
  - 176 ata 200 escolares: 275 €.
  - 201 ata 225 escolares: 300 €.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

- 226 en diante: 325 €.
6. A celebración de cada xornada deberá: 1) Estar aprobada previamente pola Xefatura Provincial de Deportes da Xunta de Galicia cunha antelación mínima de 15 días. 2) Formar parte dunha planificación definida de antemán para coñecer o orzamento máximo para cada provincia e 3) Deberá estar publicitada, nos colexios da zona de influencia e nas páxinas [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es); [www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org) e [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) cun mínimo de 10 días de antelación á súa celebración.
  7. Someterse a unha enquisa de calidade organizativa dos colexios e/ou clubs participantes.

As Delegacións da Federación Galega de Atletismo deberán convocar unha xuntanza cos clubs interesados en colaborar na organización dos XOGADE para establecer, en caso de necesidade, os criterios de selección dos mesmos. Terán preferencia os clubs que teñan recoñecido o carácter de Núcleo Atlético por parte da Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo

Os pagos aos clubs serán efectuados polos Servizos Provinciais, unha vez que a Federación Galega de Atletismo certifique o cumprimento das condicións esixidas.

O resto dos programas de atletismo dos XOGADE, serán desenvolto polas Agrupacións Deportivas Escolares, como tradicionalmente se fixo, salvo imposibilidade das mesmas en asumir

Isidoro Hornillos Baz  
Presidente da Federación Galega de Atletismo  
(Fdo no orixinal)

A Coruña, a 29 de outubro de 2009